

Dende a Nakba, expresión árabe que significa “catástrofe” e que marca o comenzo da destrución da patria palestina e o desprazamento masivo da maioría da súa poboación en 1948, ate agora, Gaza vive atrapada, e o bloqueo dos últimos anos transformou a Franxa nunha prisión a ceo aberto, onde cada xeración herda precariedade: hospitais sen medicamentos, auga contaminada, electricidade intermitente, desemprego masivo.

E o que agora sucede en Palestina non é unha guerra, senón, como cualifican analistas cualificados, un xenocidio planificado polo actual goberno israelita, que continua a pesares do alto o fogo declarado. Dende o 7 de outubro de 2023, os ataques do exército israelí **mataron a preto de 69.000 civís**, incluídas sanitarias, cooperantes e periodistas, o 70 % crianzas e mulleres, deixando 171.000 persoas feridas (40.000 delas crianzas) e máis de 14.400 desaparecidas. E a estas vítimas súmase a destrución de vivendas, hospitais, escolas, campos de refuxiados, igrexas, mesquitas, museos, estradas e todo tipo de infraestruturas básicas, deixando á poboación sen alimentos, auga, electricidade e sen acceso a axuda humanitaria.

Todo pola inacción e a conivencia de moitos gobernos (incluído o noso) que prefiren manter as súas relacións xeoestratéxicas e comerciais con Israel e pola intolerancia da comunidade internacional. Pero non queremos ser indiferentes ante esta atrocidade televisada e sumámonos ás reivindicacións das plataformas propalestina:

- Apoiamos a xusta causa do pobo palestino pola súa libre determinación, incluíndo o dereito a un Estado Palestino, e o regreso dos refuxiados, tal e como recoñece Nacións Unidas.
- Esiximos que o goberno de Israel deteña os seus criminais ataques, habilite eficaces corredores humanitarios e poña fin ao xenocidio do pobo palestino.
- Esiximos que cumpra coas Resolucións da ONU, atenda ao ditame da Corte Internacional de Xustiza, polas súas violacións dos dereitos humanos, e cumpra as súas obrigacións conforme á Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio
- Apoiamos aos países que xa presentaron demandas ante os tribunais internacionais de xustiza contra o Estado de Israel e os seus representantes por someter a un réxime de apartheid e cometer crimes de guerra e crimes de lesa humanidade sobre a poboación de Gaza e Cisjordania.
- Denunciamos a falta de transparencia dos acordos militares entre España e Israel, un estado cun historial de ocupación e vulneración de dereitos nos Territorios Ocupados.
- Solicitamos que se suspenda o Acordo de Asociación UE-Israel (1995) por non se cumpriren as súas cláusulas no que atinxe ao respecto dos Dereitos Humanos.
- Esiximos que o goberno de España rompa as súas relacións comerciais e deteña e bloquee de inmediato á venda de armas con Israel.
- Rexeitamos calquera forma de cooperación con entidades e institucións israelís (empresas, universidades...) que practiquen o *apartheid*, sexan coniventes co xenocidio ou contribúan ás estratexias israelís de expansión, colonización, anexión, espolio de recursos e modificación demográfica do territorio

palestino ocupado, por ser estas prácticas contrarias ao Dereito Internacional e ao respecto dos Dereitos Humanos. Ao mesmo tempo, solicitamos dos poderes públicos que asuman e defendan esta posición.